



# PROXECTO DE RECUPERACIÓN DA TRADICIÓN ORAL NA CONTORNA DE VILADONGA (4). CONCELLO DE CASTRO DE REI

*Gloria Abelleira Vega*

*Ana María Rubiero da Pena*

Enquisa: San Pedro de Santa Locaia. Casa de Val. 31 de xullo de 2015.

## **DOSINDA e JULIA ELOISA (irmáns).**

### **San Pedro de Santa Locaia. Casa de Val.**

Dosinda naceu o 12 de Marzo de 1931 (84 anos), Julia naceu o 15 de Maio de 1933 (82 anos).

## **Monumento ao Sagrado Corazón de Santa Locaia.**

O Monumento ao Sagrado Corazón emprazado no Monte da Escrita, na parroquia de Santa Locaia, no Concello de Castro de Rei, inaugurouse no ano 1931 por iniciativa de Don Alejandro Rey Stolle e familia<sup>1</sup>, ata el chega un Vía Crucis, desfeito en parte en xuño de 2011, pero xa recuperado.

".. Recordamos de cando foi feito o Sagrado Corazón e quen o fixo. Don Alejandro Rey Stolle e familia, era alemán." "Era un home moi rico que estaba ahí en Bazar..." "Cando o fixeron aportaron os veciños carros que había daquela, das vacas, con pedras pa facer a carretera... que a carretera desde o sindicato aquí pois había un camiño de carros con moita lama e xusto, e os veciños e máis un camiión que foi o que trouxo os bloques de cantería... que o demais foron os veciños a carros de pedras... desde a gasolinera hasta aquí,

gracias ao Sagrado Corazón se fixo esa carretera... e despois axudou un Pillado..., viñera un obispo de Mondoñedo bendecilo... e hai uns anos tiraran sete cruces uns rapaces... pola festa..."

## **A morte, as ánimas e a relixiosidade.**

A morte, un dos fitos básicos do ciclo da vida, está e estivo arrodeada de prácticas onde, en moitas delas, participaba a comunidade; a axuda e apoio dos veciños está presente cando morre un veciño como nos comentan Julia e Dosinda.

"Cando morría unha persona pois non había nada feito, collía noso pai e íalles axudar buscar pedras no carro pa facer a sepultura..."

Unha das tradicións ou costumes no momento da morte é o ser anunciada con toques de campá. O número de badaladas avisa á comunidade de se o defunto é un home ou unha muller. Julia e Dosinda recordan que en Santa Locaia realizábanse tres toques de campá, dous na campá grande e un na pequena se se anunciaba a morte dun home e dous na pequena e un na grande se o que se anunciaba era a morte dunha muller. Coa campá tamén anunciaban incendios ou tocaban polos defuntos.

<sup>1</sup> CARBALLO FERREIRO, Xosé Manuel. (2015): "Santa Locaia: Monumento ao Sagrado Corazón." Galicia Digital,

“Cando morría unha persona ían tocar a campana... aquí eran dúas campanas, a grande e a pequena, pa os homes dous na grande e un na pequena, para as mulleres dous na pequena e un na grande, (hoxe seguen tocando) pero o de estar tocando todo o día, coma antes, eso acabouse...”

“Pasaban todo o día tocando... hasta que se enterraba... si había un incendio tamén (se usaba a campá) pero non moito... “que toquen a fuego”.. dicían”

“Había os responsos (Julia) e tocaban pa eles (Dosinda), facíanos polos difuntos e había que pagar... viñan despois polo ferrao de centeo ó ano”

“... Viña un delegao do cura cun carro cobrar a renta, tódolos anos, era polos responsos e o cura, don Plácido, que é o que nós recordamos de pequenas, que veu para aquí xa no ano 14 e entonces arrodillábase alí, rezaba o rosario e os responsos alí xunto do altar,... antes da misa, despois pa misa tocaban tres veces... decían tres folgas, tocaban pra misa, e despois na misa, aínda tiña alí outro chisme no altar pa decir que iba empezar”

“.. Era unha renta polos difuntos que houbera, ... se non había centeo era igual trigo”

“.. Cando éramos pequenos, don Plácido, facíanos unha festa, cando era a Comunión dos pequenos... facía unhos bolos pequeniños pa cada pequeno no forno del cocendo eh!, melindros, anís, viño dulce ou así, rosquillas...”

“.. Os frailes viñan hasta nove días..... o cura mandaba unha novena polas ánimas, aló cando son as ánimas, por novembro ou así, ... daquela viña case nove días, un fraile, un cura ou o que lle chamase, ten vido un cura de Teixeira (don Manuel)...”

“.. Había novena pola mañá, había catecismo ás once, que íamos á escola a Castro de Rei e arrancábase ás once para o catecismo... pola tarde outra vez novena...” “.. Íamos de pequenas apañar a monda aló pa baixo ao río e tiñamos que vir correndo para ir a novena e xa houbera catiuscas, os pés coma a lama que non había máis que zocas... todas esas cousas foi máis cando foi a Guerra”

## **A Guerra.**

“.. Mataron moitas personas que non tiñan por que, nin poco nin mucho, decía papá, esa maldita guerra! Matando la mejor gente del país...”

“.. (Despois da guerra) “houbo unha cartilla do razonamento, que non había comida, o aceite era malísimo (Julia), xabón non había...”

Outra consecuencia da Guerra foron as represalias cara aos vencidos e tamén, nalgún caso, cara aos vencedores.

“En primeiro lugar ó alcalde de Castro de Rei... Severino Rivas... arrastrao cun camión... arrastrárono ó chasis dun camión e levárono arrastrao pola carretera e chegaron a Portomarín e iba vivo e alí dos tiros, y allí quedó, ... e un señor de alí, de Cortapesas, Portomarín, díxolles ós fillos cando viñeron donde estaba enterrado o pai e onde o mataran... Unha maestra que iba, por ahí, non sei por onde iba, e levantou o brazo izquierdo e dixo: “Viva la República”, cun tiro e ó choupele...”

“Un falangista... dicen, pero non por aquí, foi por Asturias ou por alá. Dicían que viñera no río Lea nun caixón, morto... apareceu un caixón cun cadáver en cachos, dicían que fora un falangista...”

## **Vendedores. Os portugueses.**

A produción de excedentes e a necesidade da súa venda ou intercambio motivou o desenvolvemento dun amplo comercio, moito do cal deu lugar ao nacemento das feiras e mercados que dende antigo se celebraron e celebran en diferentes puntos do noso país. Nelas agrupábanse artesáns, gandeiros e todo tipo de vendedores entre os que se atopaban ambulantes vidos doutras zonas como é o caso dos portugueses.

“Si, ás feiras viñan os portugueses, sobre todo a Meira, e traían o xabón pinto que era de Portugal (de varias cores), ... pero todo ó calado, traían (as mulleres portuguesas) unhas faldas moi largas..., había unha canción que decía: “Que llevas en esa saia, que

---

tanto vuelo le das, levo fabas e herbellos e café de Portugal"... o estraperlo estaba prohibido, non era legal pero cada un vendía como podía... e trigo igual, carros de noite levando trigo por ahí..."

## Xogos.

En Galicia, a lenta industrialización axudou a manter as tradicións populares, entre elas a creatividade no xogo. O feito de non ter un acceso doado a xoguetes industriais favoreceu a creación deles utilizando o que a natureza podía ofrecer, paus, pedras, mazarocas de millo, bugallas do carballo... Estas últimas, tamén chamadas carrabouxos, cocas ou cecidio, son unha reacción de defensa da árbore fronte a determinados insectos.



Bugalla do carballo

Os xogos dos nenos, en moitas ocasións, estaban relacionados coas súas vivencias, co que escoitaban ou vían, isto probablemente sexa a razón pola que os nenos de Santa Locaía xogaban á guerra. Para os rapaces galegos dos anos 40 e 50 do século XX, a guerra estaba moi recente e as súas consecuencias aínda se sufrían.

Segundo cada un destes motivos podemos falar, entre outros de:

## Xogos simbólicos

".. E no colexio xogabamos á guerra, había unha raia e pa un lado estaban uns e pa outro lado outros e aquí había un sitio (fai un círculo nunha esquina), o que collían metíano alí e o do seu bando íao salvar e con tocarlle xa salía pero tiña que salir sin que o collesen..."

## Xoguetes de fabricación manual

"Nosotros non tiñamos muñecas, e que faciamos? Faciamolas de trapos coa cabeciña redondiña, pegabamos o de baixo, os braciños envoltos tamén nun trapiño e aqueles son os brazos, e despois tiñamos unhas ovelliñas i o pelo, ós que eran negros, ós carneiros, quitabámoslles o que teñen riciño aquí polo lado da cara e cosíamosllo á cabeza... á cabeza metíamoslle lá dentro... os nenos tamén, facían se cadra unha bicicletíña de paos, do que podían... roda de diante e roda detrás (Dosinda)... Os nenos facían xoguetes de madeira... con rodas de madeira, eixe de madeira, anguiador e facían patines de dúas rodas... Fixo unha bicicleta de madeira, Manuel, o de Barrela..."

## Xogos en grupo

".. Despois había os bolos, había o xogo das bolas de carballo; chamábanlle un PX, poñían tres bolas (en triángulo) e... tiraban con outra bola... (Julia). Había que quitar do seu sitio as bolas con outra bola, tamén xogabamos ó aeroplano, a raia do tres, ... poñíamos unha raia e despois o que ía ganando podía poñer os pés en moitos sitios..." "Outro xogo era tirar á corda, os pequenos dun lado e as pequenas doutro.... a de diante era a mai..."

## A luz eléctrica

"A luz eléctrica acordámonos cando veu... cando vimos a luz, aquilo era o cielo,... porque senón había que alumar con candil para muxir as vacas, pa darlles de comer, pa todo, e aos pequenos tocábanos ir alumar..."

## Os criados e os traballos comunais

Os traballos comunais, pagados ou de colaboración veciñal, eran habituais no medio rural galego. O traballo organizábase por grupos, en moitos casos segundo a forza ou a destreza en facelo. Na sega por exemplo, non todos tiñan a mesma habilidade para facer as medas, co que había especialistas; nela homes, mulleres e nenos tiñan establecida a súa tarefa, os seitureiros, segadores ou gadañeiros, tanto homes coma mulleres, para segar, os “estendedores”, dos que falan Julia e Dosinda, xeralmente nenos, para estender a palla, os “ateiros”, para atar os feixes ou mollos, os malladores, colocados en dúas ringleiras enfrontadas para mazar a palla e así desprender o grao, e, xa nos primeiros anos do século XX coa chegada das primeiras máquinas, malladoras, limpadoras.... a distribución dos traballos continuou, uns facendo andar as máquinas, outros carrexando e limpando.

“Nas casas ricas os criados comían a parte... e pan de centeo e pos jefes habíao de trigo... (nalgunha casa). Cocían pos da casa e cando había gadañeiros, que eran os que ían cunha gadaña, a mao, e os pequenos, que eran os estendedores, a brazaos a herba extendíana detrás dos gadañeiros e bueno, levaron para comer para os gadañeiros pan de trigo e para os nenos de centeo... e un dos gadañeiros dixo toma que o merecestes tan ben coma nosoutros...”

“(Nas mallas brincaban coas mulleres)... metían ás mulleres nos feixes de palla e levábanas para o palleiro,... (A primeira vez que fun a unha malla) empezamos a las 11 de la mañana e acabamos a las 11 de la noche, espallando cara abaixo, no medio dunha costa... e os homes que subían por unha escadiña, cos feixes de palla (na cabeza)... había os que facían o palleiro que eran seleccionados xa, non sabían facer o palleiro todos... primeiro mallaba o dono da casa, despois os caseiros e así”

## O liño

Outro dos traballos comunais que tiveron unha importante presenza en todo o agro galego foi a semente e posterior transformación do liño na fibra coa que se ían confeccionar os tecidos para as roupas, utilizado ata o final da Idade Moderna en que se introducen as teas industriais.

Sementábase en terras de regadío polos meses de abril ou maio, entre o terceiro e oitavo día o liño empezaba a xermolar. Na segunda quincena de agosto estaba maduro polo que comezaba o arrincado ou recolección e posterior transformación.

Unha vez recollido, secábase e ben seco preparábase o labor de ripado para retirar a liñaza, a semente do liño; logo a rama levábase ao río para enlazar entre oito e dez días e de novo a secar. Cando estaba seco, xa nas casas, mallábase para romper a casca, mazábase e tascábase ata que perdía practicamente toda a parte leñosa. O último proceso antes do fiado era o asedado onde cun peite asedaban as fibras quedando tres clases de fío: os tascos, as estopas<sup>2</sup> e o lenzo.

O fiado facíase no inverno, época na que os traballos fóra da casa eran poucos, aproveitábanse os días de mal tempo e a noite. Tanto o tascado coma o fiado era habitual que se convertesen en días de festa, onde despois do traballo, mulleres e homes cantaban, bailaban e “adivertíanse”

Unha vez fiado, a mazaroca retirábase do fuso e as fibras pasaban polo sarillo para facer as madeixas de fío. As madeixas cocíanse con cinza para branquealas e unha vez secas colocábanse na debandoira ou argadelo para facer os nobelos. Para preparar o tear había que facer o urdido na urdidoira e así, pasando por el os fíos da trama, facer a tea.

“.. Aquí había liño pero viñan fiadoras á casa” “ (pagábanlles) un sueldo... en cartos...”; “.. a min no liño nunca me gustou fiar en cambio na lá si... e tiña 14 anos e quen me enseñara fora ... a de Xoaquín, que ten 95 anos e viña a esfollar á nosa casa pa levar a folla pa facer colchóns de folla, e viña ela e o home...”

---

<sup>2</sup> O tasco e a estopa eran as partes máis bravas que quedaban despois de asedar ou peitear as fibras do liño. O tasco podíase usar para tecer sacos, a estopa fiábase para facer roupas ou vestimenta máis gorda e de peor calidade.

---

“O liño había que ter xente para mondalo, había que quitarlle as herbas...”

“ (O liño) había que apañalo, e había unha cousa que lles chamaban ripas, que podían ser de ferro ou de madeira que había que pasalas para quitarlle a gra,... a gra poñíase a secar... e levabámolo en feixes ó río, o mellor nove feixes e tapados con pedras e despois estaba nove días no río, ós nove días sacábase e metíase no prado, todo en hileras, hasta que se secaba ben, e había que ir por el pa casa, en feixes outra vez, aló no inverno, metíase no forno, a secar máis e despois había un cepo para ilo mallando un pouco... cun mallico de madeira e no cepo redondo con tres pés... e despois había o mazote que, desque o mallaban, metíano... para ilo triturando e desque salía do mazote había as tascadoras, eran mulleres cuns bancos, que estaba a tasca metida, que eran uns aparatos de madeira... e tascaban, quitábanlle o casco todo e poñíano en madiñas... poñíano nuns manojiños, e despois aquilo... cocíano nunha tinalla... con cinza, nunha tinalla dun bidón, de madeira, como os do viño...”

“Había que secalo, eso xa eran as madeixas,... poñíano no argadelo<sup>3</sup>... que era o de facer os nobelos... (nun sarillo) de madeira cun manubrio, redondo, grande... para facer as madeixas que fiaban as mulleres...; as madeixas poñíanas en cinza, a ablandar... despois había que debanalo, había unhas debandoiras (argadelo)... despois xa pa poñelo no tear... (unha veciña) tecía (non só para ela tamén para fóra)... temos cobertores feitos por ela feitos de algodón e lá, agora non os poñemos porque son moi pequenos, e uns sacos que temos do picote<sup>4</sup>... E tamén lles pagaban con cartos? Si...”

---

3 O argadelo é o mesmo que a debandoira, utilizados para debandar, é dicir, desenvolver o fío dunha madeixa para facer un nobelo. Isto facíase despois do ensarillado, no sarillo colocábase o fío para facer as madeixas. Por último usábase a urdidoira para preparar os fíos do urdido do tear.

4 O picote era un tecido mestura de liño e estopa ou liño e lá que se facía nos teares.

## A moenda

A moenda ou transformación dun cereal en fariña, levábase a cabo nos muíños hidráulicos, moi estendidos por toda a xeografía galega. Dende o regato máis pequeno ata o río máis caudaloso era usado como fonte de enerxía para mover os rodicios dos muíños. Na variedade de construcións dedicadas a esta actividade, en liñas xerais pódense facer dous grandes grupos, os pequenos muíños, dunha soa moa situados xeralmente en regatos ou ríos pouco caudalosos e aqueloutros de maior tamaño, as aceas, muíños de tres e catro moas que nos seus primeiros tempos terían o rodicio vertical no exterior da construción, transformándose nun momento determinado e colocando os rodicios horizontais. Estas aceas, como explican Julia e Dosinda eran máis usadas nas épocas do ano nas que os ríos tiñan menos aporte de auga porque ao estar situadas nos ríos con maior caudal asegurábase a mobilidade dos rodicios e en consecuencia que funcionasen as moas.

“(lamos) moer a Quintela, a aceña porque o muíño de aquí non tiña auga... nunha parroquia que se chama Anllo... penso que pertence a Pastoriza...”

“Levabamos o trigo ó lombo para Castro de Rei, 48 quilos teño levado cando me tocaba... na cabeza... e despois traelo outra vez... o salvado metíamolo nun saco e a fariña noutro...”

## A escola

“(Na escola) ...había o silabario, había a camarada, ...alí non podías falar galego... e cando chegábase (levanta o brazo dereito): Ave María Purísima!”

“Aos 14 anos ou así, había que deixala, despois fomos a unha pasantía... Un día (a un mestre) as mulleres non querían escribirlle porque lles dixera o cura que as mulleres non podían escribir que era pecado... unhas volveron e outras non quixeron escribir que dixera o cura que era pecado, a muller nin escribir nin ler letra de pluma...”

## **Bibliografía.**

(2006): *Arte e cultura de Galicia e Norte de Portugal. Etnografía*. Tomo II. Xosé Manuel González Reboredo e Teresa Soeiro (coordinadores do volume). Vigo: Nova Galicia Edicións, Carlos del Pulgar Savín. S.L.

BRANDÍN FEIJOO, Camilo. (1986): *Os xogos dos nosos rapaces*. Ourense: Obra Cultural Caixa Ourense.

CARBALLO FERREIRO, Xosé Manuel. (2015): "Santa Locaia: Monumento ao Sagrado Corazón". En: *Galicia Digital*. [www.galiciadigital.com/opinion](http://www.galiciadigital.com/opinion).

CERRATO ÁLVAREZ, Ángel. (2007): *Vellos traballos comunitarios do mundo labrego*. Colección historia e etnografía galegas, vol. XXV. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE).

(1997): *Galicia antropoloxía. Arquitectura. Economía*. Proxecto editorial creado e dirixido por Francisco Rodríguez Iglesias. A Coruña: Hércules de Ediciones.

(1997): *Galicia antropoloxía. Tecnoloxía agraria. Oficios*. Proxecto editorial creado e dirixido por Francisco Rodríguez Iglesias. A Coruña: Hércules de Ediciones.

GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel. (1992): *O liño*. Vigo: Ir Indo.

(1990): *Nacemento, casamento e morte en Galicia. Respostas á enquisa do Ateneo de Madrid (1901-1902)*. Xosé Manuel González Reboredo (introdución e supervisión); Xosé Ramón Mariño Ferro (notas). Colección "Textos e documentos de antropoloxía cultural de Galicia", Xosé Filgueira Valverde (dir.), X.M. González Reboredo (coord.). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Comisión de antropoloxía.